

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E COMPETITIVIDADE

12685 *Orde ECC/2150/2012, do 28 de setembro, pola que se modifica a Orde EHA/339/2007, do 16 de febreiro, pola que se desenvolven determinados preceptos da normativa reguladora dos seguros privados.*

O artigo 16 do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto lexislativo 6/2004, do 29 de outubro, regula as provisións técnicas e remite a desenvolvemento regulamentario a fixación dos métodos e procedementos de cálculo das ditas provisións, así como o importe polo que se deben cubrir. Os artigos 29 e seguintes do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, desenvolven estes aspectos. En particular, o seu artigo 33 regula o tipo de xuro aplicable para o cálculo da provisión de seguros de vida e no seu número 2 habilita o ministro de Economía e Facenda, actualmente o ministro de Economía e Competitividade, para establecer as marxes e requisitos que se deben cumprir para poder determinar a provisión de seguros de vida por aplicación dun tipo de xuro determinado en función da taxa interna de rendibilidade dos investimentos asignados a determinadas operacións de seguro. Este precepto do Regulamento foi desenvolvido inicialmente pola Orde do Ministerio de Economía e Facenda, do 23 de decembro de 1998, pola que se desenvolven determinados preceptos da normativa reguladora dos seguros privados e se establecen as obrigas de información como consecuencia da introdución do euro, e posteriormente pola Orde EHA/339/2007, do 16 de febreiro, pola que se desenvolven determinados preceptos da normativa reguladora dos seguros privados, que derogou a práctica totalidade dos preceptos da Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 23 de decembro de 1998, e entre eles os relativos á inmunización financeira. Estes preceptos quedaron integrados no contido da Orde EHA/339/2007, do 16 de febreiro, que agora se modifica.

En liña coas recomendacións realizadas aos reguladores nacionais por diversos organismos internacionais liderados polo Consello de Estabilidade Financeira e o G-20, a maioría dos países veñen adoptando modificacións técnicas para reducir o condicionamento aos ciclos económicos e incentivar unha xestión independente e activa dos riscos.

A Orde ECC/335/2012, do 22 de febreiro, pola que se modifica a Orde EHA/339/2007, do 16 de febreiro, pola que se desenvolven determinados preceptos da normativa reguladora dos seguros privados, introduciu por primeira vez modificacións con obxecto de incorporar estas recomendacións internacionais á regulación prudencial sobre inmunización financeira de operacións de seguro, ao mesmo tempo que se adaptan os coeficientes redutores por risco de crédito en operacións de seguro que utilizan técnicas de inmunización financeira á situación dos mercados de débeda pública.

Con idéntico enfoque ao introducido pola Orde ECC/335/2012, do 22 de febreiro, esta orde, que modifica a Orde EHA/339/2007, do 16 de febreiro, estende as anteriores previsións aos mercados xerais de débeda e ten por obxecto a adaptación do réxime dos investimentos das entidades aseguradoras á realidade dos mercados financeiros.

A disposición derradeira segunda do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto lexislativo 6/2004, do 29 de outubro, habilita o ministro de Economía e Facenda, actualmente o ministro de Economía e Competitividade, para desenvolver o seu regulamento en canto sexa necesario e así se prevexa nel. A disposición derradeira segunda do Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, habilita o ministro de Economía e Facenda, actualmente

o ministro de Economía e Competitividade, para realizar o desenvolvemento normativo das disposicións contidas no Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, en canto sexa necesario para a súa mellor execución e desenvolvemento. O artigo 33.2 do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados habilita o ministro de Economía e Facenda, actualmente o ministro de Economía e Competitividade, para establecer as marxes e requisitos que se deben cumprir para poder determinar a provisión de seguros de vida por aplicación dun tipo de xuro determinado en función da taxa interna de rendibilidade dos investimentos asignados a determinadas operacións de seguro.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación da Orde EHA/339/2007, do 16 de febreiro, pola que se desenvolven determinados preceptos da normativa reguladora dos seguros privados.*

Un. Modifícase o penúltimo parágrafo do artigo 2.2, que queda redactado como segue:

«Os activos asignados deberán contar no momento da adquisición cunha cualificación crediticia correspondente a algún dos tres primeiros grupos previstos no artigo 17 da presente orde. Poderase manter a asignación de tales activos cando a cualificación crediticia descendese con posterioridade a niveis pertencentes aos grupos 4 e 5, nos termos previstos nos artigos 2.3 e 3.4.a) da presente orde. Igualmente resultará admisible, para novos contratos ou para a renovación de activos que chegasen ao seu vencemento, a utilización de instrumentos de débeda pública española que contén, no momento da adquisición, con cualificación crediticia correspondente aos grupos 4 ou 5, así como outros instrumentos de débeda pública con cualificación crediticia non inferior ao grupo de cualificación crediticia dos instrumentos de débeda pública española. Non resultará aplicable a exigencia á tesouraría nin ás participacións en fondos de investimento.»

Dous. Modifícase o segundo parágrafo do artigo 2.3, que queda redactado como segue:

«Con carácter xeral, as porcentaxes a que se refire o parágrafo anterior serán do 95, 92, 89, 80 e 63 por 100, segundo os títulos pertencen aos grupos 1 a 5 de entre os enumerados no artigo 17 da presente orde. Tratándose de instrumentos de débeda pública, aplicarase en todo caso o 95 por 100. No caso das participacións en fondos de investimento, incluídas as equiparables á tesouraría, aplicarase a porcentaxe correspondente á cualificación crediticia media dos activos que compoñen o fondo segundo a última información pública dispoñible ou, no seu defecto, o 89 por 100, salvo no caso de participacións en fondos de investimento monetarios a curto prazo en que se aplicará o 92 por 100. No caso de activos financeiros estruturados non negociables aplicarase as porcentaxes que correspondan á cualificación crediticia da estrutura ou, no seu defecto, a cualificación crediticia media que corresponda aos colaterais e á contraparte da permuta de fluxos. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións establecerá por resolución a sistemática e modo de aproximar a cualificación crediticia media.»

Tres. Modifícase o primeiro parágrafo do artigo 3.4.a), que queda redactado como segue:

«a) Determinarase o valor actual dos activos actualizando os seus fluxos ao tipo de xuro que resulte de multiplicar a súa taxa interna de rendibilidade deducida do seu prezo de adquisición polas seguintes porcentaxes: 93, 90, 87, 78 e 61 por 100, segundo os valores pertencen aos grupos 1 a 5 de entre os enumerados no artigo 17. Tratándose de instrumentos de débeda pública, aplicarase en todo caso

o 93 por 100. No caso das participacións en fondos de investimento, incluídas as equiparables á tesouraría, distintas das recollidas no número 6, aplicarase a porcentaxe correspondente á cualificación crediticia media dos activos que compoñen o fondo segundo a última información pública dispoñible ou, no seu defecto, o 87 por 100, salvo no caso de participacións en fondos de investimento monetarios a curto prazo en que se aplicará o 90 por 100. No caso de activos financeiros estruturados non negociables aplicaranse as porcentaxes que correspondan á cualificación crediticia da estrutura ou, no seu defecto, a cualificación crediticia media que corresponda aos colaterais e ás permutas de fluxos certos ou predeterminados realizados con entidades financeiras. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións establecerá por resolución a sistemática e modo de aproximar a cualificación crediticia media.»

Catro. Modifícase o artigo 13.2, que queda redactado como segue:

«2. As permutas de fluxos certos ou predeterminados contratadas para a cobertura das provisións técnicas deberán cumprir os requisitos exixidos para os instrumentos derivados non negociados en mercados regulados do ámbito da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE) previstos no artigo 6 da presente orde. Non obstante, seguirán resultando aptas para a cobertura das provisións técnicas aquelas permutas de fluxos certos ou predeterminados asignados ás operacións previstas no artigo 33.2 do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados cando a cualificación crediticia da contraparte, inicialmente pertencente aos grupos 1 a 3 do artigo 17 da presente orde, descendese con posterioridade aos niveis dos grupos 4 e 5 ou cumplan o disposto na disposición adicional única.»

Cinco. Engádesse un novo artigo 19, coa seguinte redacción:

«Artigo 19. *Valoración dos activos de débeda pública para efectos dos estados de cobertura de provisións técnicas e marxe de solvencia.*

1. O réxime especial previsto neste artigo resultará aplicable aos instrumentos de débeda pública previstos no artigo 50.4 do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, que cumplan os seguintes requisitos:

- a) Estean asignados a operacións distintas das previstas no artigo 33.2 do citado regulamento, e
- b) Contén, no momento da adquisición, cunha cualificación crediticia non inferior ao grupo de cualificación crediticia dos instrumentos de débeda pública española e co límite do grupo 5 previsto no artigo 17.

2. A valoración para efectos do artigo 52.1.a) do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados efectuarase segundo o custo amortizado tal e como se define no Plan de contabilidade de entidades aseguradoras.

3. Para efectos do patrimonio propio non comprometido previsto no artigo 59 do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, non se computarán con signo positivo nin se deducirán con signo negativo as plusvalías ou minusvalías non realizadas, contabilizadas ou non, derivadas de tales activos.»

Seis. Engádesse unha disposición adicional única, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional única. *Cualificación crediticia de activos distintos dos instrumentos de débeda pública.*

Para efectos do disposto no artigo 2.2 da presente orde, durante os anos 2012 e 2013 resultará admisible, para novos contratos ou para a renovación de activos

que chegasen ao seu vencemento, a utilización de activos distintos dos instrumentos de débeda pública que contén, no momento da adquisición, con cualificación crediticia correspondente aos grupos 4 ou 5, sempre que o dito grupo non resulte inferior en máis dun nivel ao grupo de cualificación crediticia dos instrumentos de débeda pública española.

En ningún caso serán admisibles activos que inclúan cláusulas de subordinación.

Así mesmo, o volume de activos acollidos á situación prevista na presente disposición non poderá representar un valor superior ao 5% do valor da carteira de investimento asignada ao produto inmunizado. Consideraranse para tales efectos os valores computados no estado de cobertura de provisións técnicas.

As entidades que se acollan ao contido desta disposición deberán comunicalo previamente á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente orden entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 28 de setembro de 2012.—O ministro de Economía e Competitividade, Luis de Guindos Jurado.